



# CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL

Inscríbete antes do 15 de decembro  
PREMIOS 1.500€ 1.000€ 500€  
...e sorteo de 10 vales de 50€  
para os votantes en redes

Ilustración  
Kelemalisa



## **CONCURSO CONCELLO DE PONTEVEDRA: VOTA O TEU ESCAPARATE FAVORITO, NADAL 2021- 2022**

Co obxectivo de dinamizar o comercio de proximidade e impulsar a actividade comercial a través da dinamización dos escaparates dos establecementos localizados no concello de Pontevedra, o Concello de Pontevedra a través da Concellería de Promoción Económica e Turismo, convoca o concurso de escaparates de Nadal 2021.

Preténdese que os establecementos minoristas do Concello de Pontevedra preparen os escaparates con propostas orixinais e creativas sobre o Nadal, animando a veciñanza e os turistas a realizar as súas compras, baixo as seguintes bases:

PRIMEIRA.- Poderán participar neste concurso todos os establecementos minoristas comerciais e negocios de servizos, do Concello de Pontevedra, con escaparates visibles dende a vía pública, sen limitación de número e sen distinción algunha por razón da súa actividade ou titular. No caso de que unha mesma persoa propietaria desexe participar con máis dun establecemento deberá presentar unha solicitude por cada un dos diferentes escaparates que opten aos premio.

SEGUNDA.- O concurso de escaparates de Nadal ten como obxecto promover a creatividade dos comerciantes á hora de presentar os seus escaparates e produtos, fomentar a cultura da innovación e da calidade no sector comercial e contribuír á súa reactivación económica de cara á campaña de Nadal.

TERCEIRA.- O tema que deben desenvolver será o Nadal, con total liberdade en canto á súa interpretación, deseño, técnica e estilo. Na valoración dos escaparates terase en conta:

1\* a integración dos produtos á venda; 2\* a composición do escaparate e a súa adaptación á temática de Nadal; 3\* a harmonía das gamas cromáticas, formas, texturas e emprego PRIORITARIO de técnicas sostibles, de materiais de refugallo ou de elementos naturais; 4 \* a interacción co público; 5\* a invisibilidade dos elementos auxiliares precisos para a súa construción e mais o grao estimado de traballo empregado na conformación do escaparate final.

CUARTA.- Os establecementos interesados deberán cumprir co que segue, dentro do prazo de presentación das solicitudes:

1. Presentar obrigatoriamente a solicitude de participación no concurso por medios electrónicos, a través do correo electrónico [escaparatesconcellopontevedra@gmail.com](mailto:escaparatesconcellopontevedra@gmail.com) **indicando: nome do titular, nome do establecemento, medio de contacto e memoria explicativa do concepto de escaparate e das técnicas ou materiais utilizados na súa execución, foto se as tivesen.**
2. O prazo de presentación a concurso ábrese coa publicación destas bases e remata o día 15 de decembro ás 15:00 h.

QUINTA.- As persoas participantes comprométense a manter os escaparates decorados e visibles ao público ata o 6 de xaneiro de 2022. Comprométense tamén a manter os establecementos iluminados e nas condicións que permitan que o xurado poida visualizar claramente os escaparates. Aos comercios participantes entregaráselles un identificativo de identificación, que deberán colocar obrigatoriamente visible dende o exterior do escaparate.

SEXTA.- Establécense dúas categorías de premios:

- a) Premios escaparate do xurado, outorgados por un xurado presidido pola concejala de Promoción económica Yoya Blanco (sen voto) e integrado por profesionais de recoñecido prestixio nas áreas do deseño, o marketing e a promoción comercial, o escaparatismo, a fotografía ou o deseño de interiores, cuxa decisión será inapelable. O xurado valorará con unha puntuación do 0 a 10 a cada un dos puntos que figuran na base TERCEIRA.

Dentro desta categoría:

Primeiro premio, dotado con 1.500 €

Segundo premio, dotado con 1.000 €

Terceiro premio, dotado con 500 €

- b) Premios do público, concedidos mediante votación do público a “Vota o teu Favorito” de Easypromos, o enlace estará difundido na web e redes do Concello de Pontevedra, e na plataforma Pontelovers.

10 vales de 50 € para gastar nos comercios participantes no concurso.

Os premios poderán ser declarados desertos.

SÉPTIMA.- Entre todos os escaparates presentados a concurso, os membros do xurado realizarán unha selección de 10 finalistas entre o 16 e o 26 de Decembro, entre os que se decidirán os 3 escaparates premiados unha vez sumada a votación online. Os membros do xurado resérvanse a opción de visitar individualmente os escaparates finalistas en calquera momento dende o inicio da campaña.

OCTAVA.- O público, realizarán as súas votacións sobre os 10 finalistas entre o día 28 de decembro e 06 de xaneiro, e que puntuarán en 10, 6 e 3 punto en orden dos votos obtidos.

Os gañadores dos escaparates e os premios dos votantes daránse a coñecer o día 7 de xaneiro 2022, mediante a súa publicación na páxina web do Concello de Pontevedra.

NOVENA.- A concesión dos premios estarán suxeitos á retención ou tratamento fiscal que corresponda.

DÉCIMA.- Para a formalización e o pagamento do premio as persoas gañadoras dos escaparates deberán achegar por correo electrónico, antes do pago de premio a [escaparatesconcellopontevedra@gmail.com](mailto:escaparatesconcellopontevedra@gmail.com), a documentación seguinte:

\*Tarxeta de identificación fiscal (persoas xurídicas) ou documento de identidade (persoas físicas).

\*Conta bancaria onde debe facerse efectivo o premio.

\*Declaración responsable de non ter débedas co Concello de Pontevedra. Esta circunstancia será comprobada de oficio polo propio Concello. Se, realizada a comprobación, constase a existencia de débedas, a persoa proposta como gañadora, perderá o seu dereito ao premio.

UNDÉCIMA.- Se nestas bases quedase algunha cuestión sen precisar será establecida polo xurado ou, se é o caso, pola organización do concurso.

DUODÉCIMA.- A participación implica o coñecemento e a aceptación íntegra destas bases.

Teléfonos de información: Marga 630 650 415    Marisa 617 742 528